

XII Premios de teatro
María Casares

30 anos do teatro profesional de Galicia
2008



Trintaneiros

Manifesto galego do Día Internacional do Teatro

POR SUSO DE TORO

Os trinta primeiros anos da vida son vertixinosos, non é até a cercanía dos trinta que unha persoa para a ollar cara atrás, é entón que sinte asombro, por primeira vez constata a velocidade da vida. En adiante vivese con máis cautela, sen que un se decate empeza a pisar con máis atención e un calendario se instala dentro nosa, con todo, se un se detén e pon atención, o que máis asombra é a distancia que vai entre o neno ou nena e a persoa adulta. Un non cambiou tanto, un recoñécese íntimamente naquel meniño, meniña, mais ve tamén a distancia e a irremediabilidade dos cambios. Polo teatro profesional galego pasaron tamén os trinta irremediabeis anos, xa non ten a inxenuidade infantil e ten que verse a si mesmo como o que é, un teatro adulto. E cando estamos a falar do teatro profesional estamos a falar do verdadeiro nacemento do teatro galego.

Lembrarse de un mesmo cando neno sempre nos pón incómodos, tamén lembrar as orixes do noso teatro ten un algo desa incomodidade, aí está o camiñar atoutiñando, tropezando, descubrindo o mundo e inventándoo. Os comezos dun teatro adánico, sen pasado. Marcado por unha lingua negada que ten que inventarse, unha lingua que ten ela mesma que inventar o seu país.

Un teatro que ten que inventar de novo o teatro, como cada neno inventa, descobre, ao adulto que leva dentro. E así había que contestar a unha pregunta, “e logo que queres ser de maior?”, que formulada teatralmente era “e como debe ser o teatro galego?” Existían formas teatrais ou parateatrais propias galegas?

Debía haber unha estética específica galega? Os cuestionamentos metateatrais, filolóxicos, foron inevitabeis, pois a infancia e mais a adolescencia fanse necesariamente preguntas ontolóxicas, pregúntanse pola esencia de un mesmo. Logo sae un a vida, que é o vivir, e un faise esas preguntas cando cadra e sen pararse conforme vai camiñando; as preguntas agoniadas por un mesmo afloran unicamente cando hai unha crise existencial. Os seres vivos somos así. É o que ten estar vivo, que se filosofa pouco.

No que aínda non é como todos, como os demais teatros, o teatro galego é en que, logo de inventarse a si propio, aínda ten que inventar ao seu público. Mais ese é o condicionante que ten case calquera actividade social ou artística no noso país, un país por facer: un país sen masa crítica cívica, con moi débil vida urbana..., con pouco público. Mais, así e todo, aquí estamos, aquí están vostedes, a facer teatro.

A facer teatro neste tempo. Que é o tempo da inmediatez, o tempo dixital, o tempo sen pasado nin presente, a secuencia dixital infinita, que non se detén. Somos suorosos atletas de ximnasio, a correr nunha fita eléctrica sen fin sen movernos do sitio, loitando por permanecer nese lugar, por non retroceder e caer derrubados de costas.

O teatro que é anterior ao tempo dixital, anterior ao tempo analóxico, busca conservar sentido neste tempo tan agónico, o dos corredores inmóbeis; como todo ser vivo quere ser útil e viábel. Na súa utilidade e na súa viabilidade está o sentido dos seres vivos.

Tamén o libro, o texto escrito se pregunta na actualidade polo seu sentido, que é dicir polo seu futuro, pola súa supervivencia; curiosamente quizais o teatro, ben máis antigo que ese grande invento que foi o libro, teña hoxe máis claro o seu sentido. Pois o libro, e a escrita en xeral, que ten unha idea moi alta de si mesma, non é máis que un momento na historia da humanidade, un grande momento, un elo necesario na cadea da nosa especie, mais só é un interim desa

frecha no tempo que é a linguaxe humana. E na arte da palabra, o texto escrito, tan adornado de prestixio, non é máis que unha digresión do esencial. O esencial segue a ser o primeiro, a palabra dita no ar co hábito dun ser humano.

O texto dun historiador ou dun escritor danos moita información, tanta que pode confundir e escurecer o sentido. No teatro as palabras son escasas e todas son significativas, deberan ser esenciais. O teatro mostra o que está dentro e debaixo do texto, a cifra. O que está debaixo do argumento, o mundo simbólico.

Os conflitos entre bandos, dinastías, países que narran as crónicas e explican historiadores, economistas e sociólogos son no teatro a loita, os asasinatos, os instintos e as paixóns para conseguir algo. Moitas veces un puro símbolo, unha coroa, un aro de bronce, de ferro ou de ouro que é o centro magnético e voraz de moitos dramas do Shakespeare.

O teatro desvela o que envolven as teorías e explicacións máis ou menos científicas, revela o humano. O Hamlet é un intelectual, por iso non dá executado a vinganza que lle pide o pai e por iso anda ás voltas analisando, deconstruíndo o relato que lle contaron da morte do seu pai. E como intelectual que é, é retorcido e perverso e así utiliza a arma que lle é propia, a palabra, utiliza o teatro, para enredar e tolear ao seu tío e á súa nai. No “Hamlet” a obra teatral dos cómicos que trae da vila ao pazo real serve para que se manifeste a vida, a verdade; a pantomima reventa a crónica oficial.

O teatro non trata da historia, trata da vida, por iso non pode haber un “teatro histórico”, pode haber novela histórica, mais no teatro só pode aparecer o drama dos seres humanos, as sortes e destinos individuais. O teatro é fundamentalmente refractario ao xornalismo. O xornalismo é o runrun, o zunido que atordoa e nos cega e enxordece. O teatro fainos ouvir e ver. Ouvir e ver a vida. Porque a nosa vida é máxica e, cando é vivida, non transcorre nun tumulto senón que é única e transcorre nun único lugar, sempre o mesmo lugar, desde a infancia. A vida

transcorre nunha burbulla do espacio e do tempo, e o que máis se lle parece é o cenario, estas táboas altas aquí diante.

O teatro é unha manifestación do mundo dos fantasmas, provocada por profesionais de facer maxia coas palabras e co xesto, os pases máxicos necesarios.

Como toda aparición fantasmal ten unhas normas e unha duración limitada, dura pouco, é momentáneo. E así é que se acaba o tempo tamén para esta aparición que lles fala, este monólogo unha miga tedioso e filosofante, esta perorata para unha soa voz. Este discurso que quere celebrar a festa do teatro e o aniversario da madurez, os trinta anos, do teatro profesional galego. O seu aniversario, o de todos vostedes. Así e todo, aínda que se fagan vostedes maduros prégolles que non deixen nunca de brincar como rapaces. E non deixen tampouco de anoxar aos malvados e de usar as máscaras para desenmascarar aos impostores.

Grazas e parabéns.

A large, stylized number '30' in a dark red color, positioned in the bottom right corner of the page. The digits are thick and rounded, with a slight shadow effect.

Rubén García

PREMIO DE HONRA 'MARISA SOTO' 2008

Nacín o 16 de febreiro de 1951, en Ribadavia, fillo do Doutor Rubén e de Aurora. Respirei os aires frescos de Abrente cando no ano 1973 un fato de pioneiros demos un pulo a inexistente escena galega, creando as Mostras de Teatro Galego Abrente de Ribadavia.

Fun impulsor e Director da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia, que dende o ano 1984 terá continuidade en 23 edicións, colocando a Ribadavia no mapa das artes escénicas do Estado, e Director de 9 Feiras do Teatro de Galicia, entre outras actividades.

Rosa Álvarez, compañeira de fatigas daquel Abrente, comunicoume a intención que tedes na AAAG de concederme o Marisa Soto este ano. Dígovos sinceramente que si algunha vez pensei ou quixen ter un premio era este, por moitísimas razóns.

Moitas gracias por pensar en min, dáme moita alegría e un subidón da miña adrenalina que boa falta me fai.

Vémonos o 27 de marzo na Coruña, irei nas condicións que sexan. Moita saúde para o noso teatro.

Rubén García



Nominados 2008

Mellor maquillaxe

BACANA por *Hendaya mon amour* (Bacana)

RAQUEL FIDALGO por *As últimas lúas* (Lagarta Lagarta)

TRINI por *O Burgués Fidalgo* (Teatro do Morcego)

Mellor vestiario

GILDA BONPRESA por *Noite de Reis. Ou o que queirades* (Centro Dramático Galego)

LA CANALLA por *O Burgués Fidalgo* (Teatro do Morcego)

RUTH D. PEREIRA por *Margar no Pazo do Tempo* (Sarabela Teatro)

Mellor iluminación

AFONSO CASTRO por *A Piragua* (Centro Dramático Galego)

ETELVINO VÁZQUEZ por *Emigrados* (Teatro de Ningures)

XÚLIO LAGO por *As últimas lúas* (Lagarta Lagarta)

Mellor música orixinal

ANXO GRAÑA por *Emigrados* (Teatro de Ningures)

MANUEL RIVEIRO HERMO por *A Piragua* (Centro Dramático Galego)

XABIER MERA E BORJA FERNÁNDEZ por *Kamikaze* (Pistacatro)

Mellor adaptación tradución

AVELINO GONZÁLEZ E OLGA F. NOGUEIRA por *A bombilla máxica* (Teatro do Atlántico)

CÁNDIDO PAZÓ por *As últimas lúas* (Lagarta Lagarta)

EDUARDO ALONSO por *Romeo e Xulieta* (Teatro do Noroeste)

Mellor texto orixinal

ANXOS SUMAI, CÁNDIDO PAZÓ, SONIA TORRE, SUSO DE TORO, XOSÉ MANUEL PAZOS por *Emigrados* (Teatro de Ningures)

CÁNDIDO PAZÓ por *A Piragua* (Centro Dramático Galego)

PAULA CARBALLEIRA por *Boas Noites* (Berrobambán)

Mellor escenografía

BALTASAR PATIÑO por *Noite de Reis. Ou o que queirades* (Centro Dramático Galego)

CARLOS ALONSO por *A Piragua* (Centro Dramático Galego)

PACO CONESA por *As últimas lúas* (Lagarta Lagarta)

Mellor actor secundario

ARTUR TRILLO por *As últimas lúas* (Lagarta Lagarta)

MANU FERNÁNDEZ por *A bombilla máxica* (Teatro do Atlántico)

XAN CEJUDO por *Noite de Reis. Ou o que queirades* (Centro Dramático Galego)

Mellor actriz secundaria

MÓNICA CAMAÑO por *Emigrados* (Teatro de Ningures)

ROSA ÁLVAREZ por *As últimas lúas* (Lagarta lagarta)

SUSANA DANS por *Noite de Reis. Ou o que queirades* (Centro Dramático Galego)

Nominados 2008

Mellor actor protagonista

ERNESTO CHAO por *As últimas lúas* (Lagarta Lagarta)

MARCOS ORSI por *Noite de Reis. Ou o que queirades* (Centro Dramático Galego)

VÍCTOR MOSQUEIRA por *Noite de Reis. Ou o que queirades* (Centro Dramático Galego)

Mellor actriz protagonista

LUISA MERELAS por *O Burgués Fidalgo* (Teatro do Morcego)

REBECA MONTERO por *Noite de Reis. Ou o que queirades* (Centro Dramático Galego)

SUSANA DANS por *A Piragua* (Centro Dramático Galego)

Mellor dirección

CÁNDIDO PAZÓ por *A Piragua* (Centro Dramático Galego)

QUICO CADAVAL por *Noite de Reis. Ou o que queirades* (Centro Dramático Galego)

XULIO LAGO por *As últimas lúas* (Lagarta Lagarta)

Mellor espectáculo

A PIRAGUA (Centro Dramático Galego)

AS ÚLTIMAS LÚAS (Lagarta Lagarta)

NOITE DE REIS. OU O QUE QUEIRADES (Centro Dramático Galego)

Créditos

ACTÚAN:

JOUSE GARCÍA

LILI BERLIN

Piano: SUSO ALONSO

Violonchelo: CARLOS ARIEL

Voz: BLANCA CENDÁN

MATILDE BLANCO e FELI MANZANO

DRUÍDADANZA

Bailaríns e bailarinas: JULIA MÉNDEZ, SILVANA COUÑAGO, YOLANDA

PÉREZ, MIGUEL A. PONTE, PABLO ARADILLAS E FERNANDO PIÑEIRO.

Coreografía e dirección: MERCEDES SUÁREZ

CHARANGA NBA

Voz: CAMILA BOSSA

Deseño espacio escénico: CARLOS ALONSO

Realización espacio escénico: RODRIGO ROEL

Deseño iluminación: OCTAVIO MÁZ

Axudante de dirección: SALWA OLALLA AZZAM

Guión e dirección: VICENTE MONTOTO

Produción executiva: EME2

Audiovisual: EAF PRODUCCIÓNZ

Medios audiovisuais: TESEC

Deseño figura María Casares: SARGADELOS

Deseño gráfico: EME2

Imprenta: IMAGRAF

Distribución cartelería: WONDERLAND

Comunicación: EME2

Protocolo e relacións públicas: TREVISANI

Administración: ALICIA MEIMIJE

Coordinación xeral: MARTA HORJALES

Agradecementos:

Á escola de produción audiovisual, radio e espectáculos O RAI VERDE e ós seus alumnos

- JACOBO BLANCO PROL
- LIDIA GALLARDO RÚA
- ROBERTO NEIRA FERNÁNDEZ
- PEDRO F. PEREIRA GUEDES


Organiza:



Patrocina:



Colabora:



Retransmitido por:

